

**INSTITUTO GALEGO DE  
PROMOCIÓN ECONÓMICA**

*Resolución do 17 de decembro de 2009 pola que se publican os tipos de xuro que as entidades de crédito aplicarán durante o ano 2010 aos contratos de arrendamento financeiro subvencionados ao abeiro dos convenios de apoio financeiro aos investimentos das pemes.*

De conformidade cos convenios de apoio financeiro aos investimentos das pemes asinados coas entidades de crédito durante os anos 1998, 1999, 2000, 2001, 2002, 2003, 2004 e 2005 e o convenio de apoio financeiro 2004, 2005 e 2006 ao sector transporte público por estrada de Galicia para a renovación da frota de vehículos, os tipos de xuro dos contratos de arrendamento financeiro subvencionados pola Xunta de Galicia, que se formalizaron a tipo de xuro variable, variarán por anos naturais, establecéndose no texto dos citados convenios o sistema de determinación do tipo de xuro para exercicios futuros.

Visto o exposto, e unha vez verificados os datos relativos á evolución do mibor e do euribor durante o período establecido nos citados convenios, e en virtude das facultades que teño conferidas,

**RESOLVO:**

Publicar os tipos de xuro que as entidades de crédito aplicarán durante o ano 2010 aos contratos de arrendamento financeiro subvencionados ao abeiro dos convenios de apoio financeiro aos investimentos das pemes:

Primeiro.-Os tipos de xuro máximos que se aplicarán durante o ano 2010 aos contratos de arrendamento financeiro formalizados, a tipo variable, ao abeiro dos convenios de apoio financeiro aos investimentos das pemes dos anos 1998, 1999, 2000, 2001, 2002, 2003, 2004 e 2005 e do convenio ao sector transporte público por estrada de Galicia para a renovación da frota de vehículos dos anos 2004, 2005 e 2006, serán os seguintes:

-Contratos de arrendamento financeiro do convenio 1998: 2,25%. No caso de que o tipo adicional sexa inferior a 1,25 puntos, o tipo de xuro que se aplicará será o resultado de engadirle ao tipo de referencia (1,00) o tipo adicional que teñan pactado as partes. Se o tipo de xuro resultase con varios decimais arredondarase ata a máis próxima vixésima parte do punto.

-Contratos de arrendamento financeiro dos convenios dos anos 1999, 2000, 2001, 2002, 2003, 2004 e 2005 e convenio de apoio financeiro 2004,

2005 e 2006 ao sector transporte público por estrada de Galicia para a renovación da frota de vehículos: 2,15%. No caso de que o tipo adicional sexa inferior a 1,15 puntos, o tipo de xuro que se aplicará será o resultado de engadirle ao tipo de referencia (1,017) o tipo adicional que teñan pactado as partes. Se o tipo de xuro resultase con varios decimais arredondarase ata a máis próxima vixésima parte do punto.

Segundo.-As entidades de crédito deberán comunicarlles aos beneficiarios dos contratos de arrendamento financeiro subvencionados a variación do tipo de xuro.

Terceiro.-O tipo de xuro do contrato de arrendamento financeiro resultante para o beneficiario, é dicir, o nominal menos os puntos de subsidiación, non poderá ser inferior ao límite fixado nos citados convenios e na resolución de concesión de axuda. No caso de que sexa inferior limitarase a subsidiación ata o citado límite. Para o caso de que o tipo de xuro nominal sexa igual ou inferior ao límite suspenderase a subsidiación e o tipo de xuro que se lle aplicará ao contrato de arrendamento financeiro será o que lle corresponda segundo o establecido no punto primeiro desta resolución.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción  
Económica